

Encuentro sobre Sostenibilidad y Competitividad en la Empresa | Programa RESPONSABILÍZATE

22/05/2024

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia organiza mañá en Lugo o ENCONTRO SOBRE A SUSTENTABILIDADE E COMPETITIVIDADE NA EMPRESA e sobre o programa RESPONSABILÍZATE, de asesoramento gratuíto integral á empresa.

Este programa inclúe formación e servizos de consultoría gratuítos por parte dun grupo de expertos para desenvolver iniciativas ASG (ambientais, sociais e de gobernanza) adaptadas ás súas necesidades, recursos e prioridades.

Este encontro terá lugar **mañá, día 23 de maio de 2024, de 10:30 -12:00 horas, na Asociación de Empresarios de O Ceao - As Gándaras (Rúa Leiteiras, s/n, 27003, Lugo)** e contará coa presenza de Antonio Armesto, Xerente da Asociación de Empresarios de `O Ceao As Gándaras´; Blanca Romero, Responsable de RSC de Lactalis; M.^a Carmen Castro, Directora Financeira de Ramil Incubación Avícola e Marcos Engroba, Director Comercial e Marketing do Grupo AMSLab, estas dúas últimas son empresas Responsabilízate que contarán a súa experiencia como participantes do programa.

Formulario de inscrición para o evento de presentación do programa:

<https://forms.office.com/e/Gpw6aWJgTu>

Más información sobre o programa disponible na Sede da Xunta:

https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es_ES&codtram=TR320B

<http://www.cel.es/gl/documentacion/9450/encuentro-sobre-sostenibilidad-y-competitividad-en-la-empresa-programa-responsabilizate>